



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA

DO PLENO DA CORPORACIÓN

CORRESPONDENTE Ó DIA 13 DE XULLO DO 2015

No salón de Sesiões da Casa do Concello da Mezquita, sendo ás Vinte Horas do día Trece de Xullo do Dous Mil Quince baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D RAFAEL PEREZ VAZQUEZ, coa asistencia dos Sres. Concelleiros D. ANTONIO BLANCO MARTINEZ, D. JUAN-SANTIAGO GONZALEZ RODRIGUEZ, D. JOSE ANTONIO CARRACEDO RAMIREZ, DONA MARIA TERESA PEREIRA QUINTAS, D.. FRANCISCO JOSÉ MONTESINOS RODRIGUEZ, ,D. JOSE-LUIS RODRIGUEZ ALONSO, D. JESÚS RIO PIORNEDO , coa ausencia dos Sr Concelleiro D. SANTOS PIORNEDO e , e actuando como Secretaria Accidental da Corporación Dona MARIA ANGELES CRESPO GARCIA, reuniuse o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebra-la Sesión Extraordinaria en primeira convocatoria

O Sr. Presidente declara aberta a Sesión que se desenrola de acordo co seguinte orde do día, e na que se adoptan os acordos que se relacionan:

1º.- LECTURA E APROBACION ACTA SESION ANTERIOR

Por unanimidade dos concelleiros asistentes foi aprobada a acta da sesión anterior correspondentes á Sesión Constitutiva da nova Corporación celebrada o día 13 de Xuño do 2015.

2º.- COMUNICACION DE CONSTITUCION DOS GRUPOS MUNICIPAIS E DESIGNACION DE PORTAVOCES:

___Pola Secretaria dase conta das comunicacions dos partidos políticos polo que manifestan o súa constitución en grupos municipais e designación de portavoces, que se relacionan de seguido

- Grupo Político do Partido Popular (P.P).-
 - Portavoz titular: D. Francisco José Montesinos Rodríguez.
 - Portavoz Suplente: D. José Luís Rodríguez Alonso.
- Grupo Político do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas (B.N.G.)
 - Portavoz Titular: . D. Antonio Blanco Martínez
 - Portavoz Suplente: . D. José Antonio Carracedo Ramírez.
- O grupo do Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español – PS de GA-PSOE o haber obtido un solo Concelleiro estará representado como portavoz polo mesmo Dona María Teresa Pereira Quintas.



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dase lectura a seguinte proposta da Alcaldía.

Vista a modificación operada pola Lei 57/2003, de 21 de abril sobre o Art. 20.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local que establece que *"A Xunta de Goberno Local existe en tódolos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento Orgánico ou así o acorde o Pleno do seu Concello"*.

Tendo en conta ademais o disposto polo artigo 59.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que establece que a Xunta de Goberno Local existirá nos municipios con poboación de dereito superior a cinco mil habitantes e nos de poboación inferior cando o acorde o Pleno de Concello e o estableza o seu Regulamento Orgánico.

Esta Alcaldía, considerando imprescindible complementar a Organización municipal coa creación da Xunta de Goberno Local para unha máis áxil e eficaz xestión, e en base o artigo 52.1 do R.D. 2568 do 28 de Novembro do Regulamento de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A creación da Xunta de Goberno Local neste Concello, estando integrada polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior ao tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por esta Alcaldía, dando conta ao Pleno.

SEGUNDO.- Para o caso de adopción de dito acordo, que a Xunta de Goberno Local celebre Sesión Ordinaria o 2º e o último luns de cada mes, ás dazaoito horas, e se coincidisen en festivo o luns inmediatamente anterior ou posterior, según determinación da Alcaldía, á mesma hora.

Sometido o asunto a votación por maioría, cos votos a favor do B.N.G e PS de Ga-PSOE e coa abstención dos votos do P.P. queda aprobada a anterior proposta da Alcaldía nos termos en que foi redactada e polo tanto creada a Xunta de Goberno Local.

4º.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

Mediante lectura dase conta o Pleno da seguinte resolución da Alcaldía:

D. Rafael Pérez Vázquez Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, en uso das atribucións conferidas polo Art. 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local; Art. 52 del RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e Art. 65 de la Lei 5/1997 de 22 de Xullo de Administración Local de Galicia, e para o caso de adopción do acordo



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

de creación da Xunta de Goberno Local polo Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no Art. 38 do citado RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Establece-la formación da Xunta de Goberno Local da forma seguinte:

- Presidente:
- D. Rafael Pérez Vázquez..
- Membros:
- D. Antonio Blanco Martínez.
- D^a. M^a Teresa Pereira Quintas

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

- A asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.
- As atribucións que esta Alcaldía ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes ao día da data, en cumprimento do disposto no Art. 112.1 do RD 2568/1986 de 28 de novembro.

CUARTO.- Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; remitir o Decreto de nomeamento ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación no mesmo, e igualmente publicalo Decreto no *taboleiro de anuncios do Concello*, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte no que o Pleno da Corporación adopte, no seu caso, o acordo de creación da Xunta de Goberno Local.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno do Concello desta Resolución na primeira sesión que se celebre.

O Pleno da Corporación dase por enterado do seu contido.

5º.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NO PLENARIO MUNICIPAL.-

Mediante lectura dase conta ó Pleno da seguinte resolución da Alcaldía:

ANTECEDENTES:

A renovación das Corporacións Locais tivo lugar o día 24 de Maio de 2015.

Como resultado de dito proceso, o día 13 de Xuño de 2015, constituíuse a nova Corporación do Concello de A Mezquita e procedeuse á elección de Alcalde, recaendo dito cargo na persoa que encabezaba a lista de Bloque Nacionalista Galego e que subscribe a presente.

FUNDAMENTOS LEGALES:

A modificación operada por diversas normas sobre a Lei 7/1985, de 2 de Abril, en especial o Art. 21 que regula as competencias da Alcaldía, establecendo no seu apartado 3 a



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

posibilidade de delegación do exercicio de esas atribucións, salvo as que o propio Art. 21.4 declara indelegables, e Art. 43 e 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro.

RESOLUCIÓN:

En virtude de canto antecede, e en uso das atribucións legalmente conferidas, polo presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Para o caso de adopción do acordo de creación da Xunta de Goberno Local, establece-las seguintes delegacións no exercicio de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

I.- EN MATERIA URBANÍSTICA E LICENCIAS.

1.- A aprobación dos instrumentos de planeamento, de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídoS ao Pleno.

2.- A aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización non atribuídos ao Pleno.

3.- O outorgamento e no seu caso, denegación de Licencias de edificación, demolición e urbanísticas en xeral que impliquen actos de uso do solo e subsolo e requiran previa licenza urbanística, instadas ou realizadas por particulares, empresas ou Entidades Públicas, así como de uso e reserva de bens municipais.

4.- A emisión de informacións urbanísticas.

5.- A emisión de informes en expedientes para edificación en solo non urbanizable (rústico).

6.- A emisión de informes en actividades sometidas a tramitación ambiental, así como a concesión das correspondentes licencias.

7.- A concesión de Licencias de ocupación de edificios.

8.- A Resolución de expedientes contra particulares por infraccións urbanísticas ou de normas de policía urbana, rural e medio ambiente, sen prexuízo das atribucións de impulsión de tramites e expedientes pola Alcaldía, así como a adopción das medidas precisas para protexer a legalidade urbanística.

9.- Autorizacións de cambio de vehículos nas actividades suxeitas a licenza e relacionadas co transporte público de competencia municipal.

10.- Autorizacións para conectar ás redes de abastecemento e saneamento, así como para calquera outro subministro que preste o Concello.

II.- EN MATERIA CONTRACTUAL.

1.- A contratación de obras, subministros ou servizos por importe superior ao 10% dos recursos ordinarios da corporación e dentro dos límites sinalados no Artigo 41.11 do ROF, e demais normativa concordante, así como nas cláusulas administrativas, proxectos e memorias que lle correspondan.

2.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos, os de seguridade e saúde e demais necesarios para a execución das obras de promoción municipal cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o Alcalde (apartado II. 1 anterior) e estean previstas no Presuposto.

3.- A aprobación das formas, procedementos e sistemas de contratación nos expedientes aos que se refire o apartado II.1 anterior.



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

4.- A aprobación dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e, no seu caso, de Prescricións Técnicas para as contratacións e concesións de toda clase cando a súa competencia estea atribuída á Alcaldía.

5.- O nomeamento dos membros da Mesa de contratación nos expedientes citados no apartado anterior.

6.- A aprobación das Certificacións de obra, facturas así como dos documentos que verifiquen a recepción do subministro ou, no seu caso a confirmación da prestación do servizo, derivadas, todas elas dos expedientes citados nos apartados anteriores.

III.- EN MATERIA SANCIONADORA.

1.- Sancionar as faltas de desobediencia á Alcaldía ou por infracción das Ordenanzas Municipais, salvo cando tal facultade estea atribuída ao Pleno e con exclusión das sancións en materia de persoal.

IV.- EN MATERIA ECONÓMICO-FINANCIERA.

1.- A autorización e disposición do gasto e recoñecemento de obrigacións derivadas das materias contractuais delegadas no apartado II.

2.- A autorización e disposición ou compromiso de gastos e o recoñecemento das obrigacións, nos contratos menores, de obras, servizos ou subministros, que superen o 2% dos recursos ordinario do Concello, e dentro dos límites de competencia da Alcaldía. Este punto poderase modificar nas bases de execución dos orzamentos municipais.

3.- A autorización e disposición ou compromiso de gasto e recoñecemento das obrigacións derivadas dos gastos de material non inventariable, subministros menores e os de carácter periódico e tracto sucesivo, tales como as de telefonía, fax, eléctricos e demais que inclúe o Art. 219.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e superen a cantidade de 3.000,00 €.

4.- En xeral o desenvolvemento da xestión económica de acordo co Presuposto aprobado e según o disposto nas Bases de Execución do mesmo.

5.- A organización dos servizos de Recadación e Tesourería, sen prexuízo das facultades do Pleno para aprobar as formas de xestión de estes servizos, así como a de aprobar todo tipo de padróns tributarios, listas cobratorias de exaccións municipais.

V.- EN MATERIA DE BENS.

1.- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 2% dos recursos ordinarios do Presuposto nin os 15.000,00 €.

2.- A enaxenación de bens inmoebles, do patrimonio municipal, cando este prevista no Presuposto e non supere a porcentaxe e contía indicados no apartado anterior.

3.- A enaxenación de bens mubles, do patrimonio municipal, salvo os declarados de valor histórico ou artístico, e a súa enaxenación non se atope prevista no Presuposto e non supere a porcentaxe e contía indicados no apartado 1 anterior.



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

VI.- EN MATERIA DE PERSOAL.

1.- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Presuposto e a Prantilla aprobados polo Pleno e convocar oposicións e concursos de provisión de postos de traballo.

2.- Aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

3.- Acordar o nomeamento do persoal.

VII.- OUTRAS MATERIAS.

1.- A análise de cantos escritos sobre información, ampliación da mesma, aclaracións, etc., podan presentar os particulares, asociacións, entidades públicas e privadas e non sexan de competencia do Pleno.

2.- A análise e posterior emisión do acto administrativo que corresponde, de cantas solicitudes e escritos en xeral teñan entrada a través do Rexistro Xeral do Concello e presenten particulares, asociacións, entidades públicas e privadas e non sexa a súa resolución de competencia do Pleno, salvo a solicitude de certificados de empadramento, convivencia, ou calquera outra certificación ou informe que verificado o Padrón Municipal de Habitantes, a situación de feito ou, no seu caso, o Padrón Fiscal correspondente, non necesiten del ulteriores informes ou comprobacións.

3.- A concesión sobre a solicitude de subvencións instada por particulares, asociacións e entidades cunha contía non supere os 3.000,00 € e non exceda de 6.000,00 €

4.- A solicitude de subvencións a calquera Entidade Pública ou Privada e a aprobación de convenios con entidades públicas o privadas cuia competencia non estea atribuída pola Lei ao Pleno da Corporación e salvo, neste caso, delegación de este órgano no ámbito das súas competencias.

5.- A solicitude de delegación de competencias para a contratación de obras e servizos de competencia da Alcaldía efectuada a outras Administracións públicas.

6.- As demais que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma asigne ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais, sempre que a Alcaldía as someta a exame, deliberación e decisión da Xunta de Goberno Local, mediante a súa inclusión na Orde do día da respectiva sesión.

SEGUNDO.- Nos acordos que se adopten pola Xunta de Goberno Local por delegación, deberá facerse constar esta circunstancia e se entenderán dictados por esta Alcaldía como titular da competencia orixinaria, sendo inmediatamente executivos. Non obstante, esta Alcaldía resérvase a posibilidade de avocar en calquera momento a competencia delegada, conforme ao establecido nos artigos 116 do ROF, en relación co artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

TERCEIRO.- Esta delegación non quedará revocada polo mero feito de producirse un cambio na titularidade da Alcaldía ou na composición da Xunta de Goberno Local. A revogación ou modificación da delegación haberá de adoptarse coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

CUARTO.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do ROF, salvo no relativo ao recurso de reposición, que será resolto polo órgano delegado.

QUINTO.- Dar conta do presente ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento, e publicar, no seu caso, no “Boletín Oficial” desta Provincia.

SEXTO.- Declarar que a presente Resolución surtirá efectos dende o día seguinte o que, o Pleno da Corporación, adopte, no seu caso, o acordo de existencia e formación da Xunta de Goberno Local.

O pleno da Corporación dase por enterado.-

5º. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NA ALCALDÍA.

Dase lectura da seguinte proposta da Alcaldía:

Como consecuencia da modificación operada por diversas normas sobre a Lei 7/1985, de aplicación básica, aínda que se mantén a vixencia dos Regulamentos e demais disposicións do Estado e Comunidade Autónoma en todo o que non se opoña, contradiga ou sexa incompatible co establecido na citada Lei, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Coa finalidade de axilizar a marcha da Administración Municipal, delegar na Xunta de Goberno Local, en caso da súa creación, aquelas competencias do Pleno da Corporación que o Art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, recolle como delegables e que son as seguintes:

I.- EN MATERIA CONTRACTUAL.

1.- As contratacións de obras, subministrados, servizos, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais, contratos privados, e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do Presuposto e, en calquera caso, a cuantía de ata 300.000 €; así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos, e as plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada, salvo as concesións de bens e servizos por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 % dos recursos ordinarios do Presuposto, a que resulta ser atribución indelegable por requirir a súa aprobación o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

2.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos, os de seguridade e saúde e demais necesarios para a execución das obras de promoción municipal cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o Pleno (apartado II.1 anterior) aínda cando non estean previstos no Presuposto.

3.- A aprobación das formas, procedementos e sistemas de contratación nos expedientes aos que se refire o apartado I.1 anterior.



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

4.- A aprobación dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e no seu caso, de Prescricións Técnicas, para as contratacións e concesións de toda clase cuxa competencia estea atribuída ao Pleno da Corporación y sexa delegable.

5.- O nomeamento dos membros da Mesa de contratación nos expedientes citados no apartado anterior.

6.- A aprobación das certificacións de obra, facturas así como dos documentos que verifiquen a recepción do subministro ou, no seu caso a confirmación da prestación do servizo, derivadas, todas elas dos expedientes citados nos apartados anteriores.

II.- EN MATERIA DE BENS.

1.- A adxudicación de concesións sobre os bens da corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como á enaxenación do patrimonio cando o seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento.

2.- A enaxenación de bens de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

Exceptúanse dos apartados anteriores a enaxenación de bens e a concesión de bens e servizos cuxa contía exceda do 20% dos recursos ordinarios do orzamento, suposto no que se require a maioría absoluta do número legal de membros da corporación para a adopción do acordo, así como a cesión por calquera título do aproveitamento dos bens comunais e a cesión gratuíta de bens a outras Administracións ou institucións públicas.

III.- EN MATERIA DE DEFENSA XURÍDICA.

1.- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

2.- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

IV.- EN MATERIA ECONOMICO - FINANCIERA.

1.- A concertación das operacións de crédito cuxa cantía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10% dos recursos ordinarios do presuposto, de conformidade e coas limitacións establecidas na Lei Reguladora das Facendas Locais.

2.- A concertación de operacións de tesourería cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidadas no exercicio anterior, de conformidade e coas limitacións establecidas na Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos Artigos 114 a 118 do ROF.

V.- OUTRAS MATERIAS.

Primeiro.- A concesión sobre a solicitude de subvencións instada por particulares, asociacións e entidades cunha cantía que non supere os 6.000,00 € e non exceda de 12.000,00 €.

Segundo.- Delegar na Alcaldía a solicitude e aceptación de subvencións do Estado, Comunidade Autónoma, Deputación e outros organismos públicos ou privados, dentro do ámbito do artigo 21.2.11 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, así como a súa execución.

VOTACION E ACORDO:



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

Por maioría, cos votos a favor do B.N.G e PS de GA-PSOE e cos abstención dos votos do P.P. queda aprobada a anterior proposta da Alcaldía nos termos do seu contido.

6º.-RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.-

Dase lectura a seguinte resolución da Alcaldía:

Constituída a nova Corporación, en Sesión Extraordinaria celebrada o día 13 de Xuño de 2015, como consecuencia das Eleccións Locais convocadas por Real Decreto 2112/2011, de 28 de marzo, e celebradas o día 24 de Maio de 2015, estímase procedente deseñar o novo réxime de organización e funcionamento deste Concello, no que están presentes os Tenentes de Alcalde, como órganos de carácter necesario, según se configura nos artigos 21.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases del Réxime Local e 35.2 e 46.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Según determinan os artigos 23.3 da LRBRL e 46 do ROF, son libremente nomeados polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, donde esta non exista, de entre os Concelleiros.

A estes efectos, por esta Alcaldía, mediante Resolución de data 1 de Xullo de 2015, en uso das atribucións que legalmente lle están conferidas, procedeuse ao nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local.

Corresponde aos Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións ao Alcalde polo orden de nomeamento, e nos casos de ausencia, enfermidade o impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas funcións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía hasta que tome posesión o novo Alcalde.

Así, en uso das facultades que a esta Alcaldía lle confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 46.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde deste Concello aos Concelleiros membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, e que substituirán, según a orde de nomeamento, a esta Alcaldía nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante:

- Primeiro Tenente de Alcalde: D^a Maria Teresa Pereira Quintas.
- Segundo Tenente de Alcalde: D. Antonio Blanco Martínez..

SEGUNDO.- Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; remitir o Decreto do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar o Decreto no Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da Resolución pola Alcaldía.

TERCEIRO.- Dar conta do presente Decreto ao Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do disposto no artigo 38 do ROF, a efectos de que quede enterado do seu contido.

O Pleno da Corporación dase por enterado do seu contido.



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

7º.- DECRETO DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS-DELEGADOS.-

Dase lectura a seguinte resolución da Alcaldía:

ANTECEDENTES.-

A renovación das Corporacións Locais tivo lugar o día 24 de Maio de 2015.

Como resultado de dito proceso, o día 13 de Xuño de 2015, constituíuse a nova Corporación do Concello de A Mezquita e procedeuse á elección de Alcalde, recaendo dito cargo na persoa que encabezaba a lista do Bloque Nacionalista Galego e que subscribe a presente.

FUNDAMENTOS LEGAIS.-

A modificación operada polas Leis 11/1999, de 21 de abril e 57/2003, de 21 de abril, sobre a Lei 7/1985, de 2 de abril en especial sobre o Art. 21 que regula as competencias da Alcaldía, establecendo o apartado 3 de dicho artigo, a posibilidade de delegación no exercicio destas atribucións, salvo as que o propio Art. 21.4 declara indelegables e Art. 43 e 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro.

RESOLUCIÓN:

En virtude de canto antecede, e en uso das atribucións legalmente conferidas, polo presente, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Dentro do marco das atribucións da Alcaldía, e para conferir as conseguíntes delegacións, establécese o funcionamento dos servizos municipais, nas seguintes áreas:

- 1.- Área de Facenda, Persoal, Cultura, Promoción Social e Participación Cidadá.
- 2.- Área de Medio Ambiente,
- 3.- Área de Comercio, Industria, Promoción Económica e Emprego.
- 4.- Área de Xuventude, Deporte, Turismo e Transparencia.
- 5.- Área de Medio Rural e Agricultura.
- 6.- Área de Sanidade, e Educación
- 7.- Area de Urbanismo, Servizos e Infraestruturas.
- 8.- Area de Servizos Sociais e Benestar

SEGUNDO.- As delegacións conferidas, comprenden a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes. Non inclúen a facultade de emitir actos que afecten a terceiros, nin en consecuencia, a de resolver na vía administrativa.

TERCEIRO.- Materias que inclúen as delegacións:

1. ÁREA DE FACENDA, PERSOAL, CULTURA, PROMOCIÓN SOCIAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

- Valoración das necesidades da área, realización de estudos, informes e coordinación dos elementos precisos para a promoción da cultura no Concello, promovendo a participación veciñal nas actividades culturais.
- Dirección e coordinación do persoal o servizo do Concello.
- Fomento dos recursos etnográficos, arquitectónicos e culturais do Concello, así como a coordinación das actividades relacionadas co tema.
- Propostas de realización de actuacións en ditos ámbitos.
- Proposta de solicitude de subvencións a outras administracións.



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

2. ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

- Seguimento e valoración das necesidades da área.
- Coordinación e seguimentos das actuacións medioambientais, recollida do lixo, recuperación de áreas.
- Propostas de realización de actuacións en ditos ámbitos.
- Proposta de solicitude de subvencións a outras administracións.
- Mellora e seguimento dos servizos xa implantados e non incluídos noutra áreas.

3. ÁREA DE COMERCIO, INDUSTRIA, PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

- Seguimento e coordinación das necesidades da área.
- Evaluación e impulso das accións do Concello da área de promoción económica, comercio e industria.
- Coordinación das accións de promoción do emprego.
- Propostas de realización de actuacións en ditos ámbitos.
- Proposta de solicitude de subvencións a outras administracións.
- Fomento do emprego. Valoración sobre as necesidades, seguimento de plans de emprego. Propostas en orde a lograr a ocupación dos desempregados e o fomento de actuacións, planes ou programas dirixidos a evitar o desemprego.
- Desenrolo de accións de información e dereitos dos consumidores.
- Propostas de realización de actuacións en ditos ámbitos.
- Proposta de solicitude de subvencións a outras administracións.
- Proposta de accións dirixidas a implantación de industrias.

4.- ÁREA DE XUVENTUDE, DEPORTE, TURISMO E TRANSPARENCIA

- Seguimento e valoración das necesidades da área.
- Promover a inserción laboral dos xóvenes, así como a realización de actividades dinamizadoras dirixidas ós mesmos.
- Promover encontros, actividades e torneos, dirixidos á participación deportiva.
- Proposta de obras e actividades relacionadas coa materia da área.
- Promoción de normas e actuacións dirixidas a fomentar a transparencia da xestión municipal.
- Proposta de solicitude de subvencións a outras administracións.
- Coordinación das iniciativas turísticas Municipais.

5.- ÁREA DE MEDIO RURAL E AGRICULTURA

- Seguimento e valoración das necesidades da área.
- Seguimento, estudo e proposta de accións para atender ás necesidades dos núcleos rurais do Concello, en especial dos servizos públicos que se presten nos mesmos.
- Proposta de accións para a dinamización económica do tecido agro-gandeiro do Concello.
- Propostas de realización de actuacións en ditos ámbitos.
- Proposta de solicitude de subvencións a outras administracións.

6.- ÁREA DE SANIDADE, E EDUCACIÓN

- Seguimento e valoración das necesidades da área.
- Propostas de realización de actuacións en ditos ámbitos.
- Proposta de solicitude de subvencións a outras administracións.
- Promover os medios que faciliten o acceso dos veciños á educación e a Sanidade
- Asistencia á Alcaldía nas relacións cos centros educativos e Sanitarios .

7- AREA ADE URBANISMO, SERVIZOS E INFRAESTRUCTURAS

- Seguimento e valoración das necesidades da área.



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

Seguimento de obras instadas por particulares, empresas e entidades públicas.
- Seguimento e coordinación das obras municipais.
- Coordinación de persoal de Obras e Servizos.
- Coordinación urbanística.
-- Coordinación das necesidades do mantemento e programación dos servizos da área (Abastecemento, saneamento, vías municipais, alumado público)..

8.- AREA DE SERVIZOS SOCIAIS. E BENESTAR:

Seguimento e coordinación dos Servizos prestados a maiores.
- Seguimento e coordinación dos servizos de acción destinados á muller.
- Impulsar os servizos sociais municipais para alcanzar a eficaz prestación destes servizos.
- seguimento dos servizos destinados á infancia,

CUARTO.- Dentro da descrición das Áreas e das materias e límites incluídos nas delegacións, así como na división poblacional do Municipio, no seu caso, confírese aos membros da Corporación que se indican, as delegacións seguintes:

- 1.- Área de Facenda, Persoal, Cultura, Promoción Social e Participación Cidadá, D. José Antonio Carracedo Ramírez
- 2.- Área de Medio Ambiente ;: D^a Maria Teresa Pereira Quintas.
- 3.- Área de Comercio, Industria, Promoción Económica e Emprego, D. Juan Santiago González Rodríguez
- 4.- Área de Xuventude, Deporte, Turismo e Transparencia, D. Antonio Blanco Martínez
- 5.- Área de Medio Rural e Agricultura, D^a Maria Teresa Pereira Quintas
- 6.- Area de Sanidade e Educación. D^a Maria Teresa Pereira Quintas..
- 7.- Area de Urbanismo, Serivzos e Infraestructuras: D. Antonio Blanco Martínez.
- 8.- Area de Servizos Sociais e Benestar: D. Juan Santiago González Rodríguez.

QUINTO.- Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir o Decreto do nomeamento ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar o Decreto no *taboleiro de anuncios do Concello*, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte.

SEXTO.- Dar conta ao Pleno do Concello desta Resolución na primeira sesión que se celebre.

O Pleno da Corporación dase por enterado do seu contido

8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONSTITUCION DA COMISION ESPECIAL DE CONTAS E PERMANENTE DE FACENDA.-

Vistos os Arts. 38, 116 e 123 e seguintes do R.D. 2568/1986 de 28 de Novembro de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 212 da Lei de Administración Local de Galicia, e 20.1.c. da Lei 7/1985 de 2 de Abril Reguladora das Bases de Réxime Local,



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

Visto o Art. 38 e 127 do R.O.F.

Considerando o Informe emitido pola Secretaría da Corporación.

PROPOÑO Ó PLENO:

1º.- A creación da Comisión Especial de Contas que actuará como permanente de Facenda.

2º.- Reuniranse sempre que na Orden do Día do Plenario se prevea tratar asuntos da súa competencia. A súa composición será de dous representantes do Grupo Municipal do PP, dous representantes do Grupo Municipal do BNG e un representante do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, ademais do Sr. Alcalde que actuará como Presidente nato que é da Comisión.

3º.- Os Grupos Políticos, a través dos seus portavoces, comunicarán por escrito, os nomes dos seus Concelleiros que integren, como vocais, a antedita Comisión.

VOTACION E ACORDO:

Por maioría cos votos a favor de B.N.G. e PS de GA-PSOE e coa abstención dos concelleiros do P.P: queda aprobada a anterior proposta da Alcaldía nos termos en que está redactad e polo tanto constituía a Comisión Especial de Contas e Permanente de Facenda.

9º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.

Dase conta o Pleno da seguinte proposta da Alcaldía:

Tendo en conta o establecido no Artigo 78.1 do R.D. 2568/1986, de 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Como consecuencia da modificación operada na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola Lei 11/1999, de 21 de abril, o apartado a) do Art. 46.2, en canto á celebración das sesións ordinarias polos Plenos dos Concellos, quedou redactado da forma seguinte:

“O Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada mes nos Concellos de municipios de máis de 20.000 habitantes e nas Deputacións Provinciais, cada dous meses nos Concellos cunha poboación entre 5.001 habitantes e 20.000 habitantes; e cada tres nos municipios de hasta 5.000 habitantes”

Visto o Art. 210.2 a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia que establece que, o Pleno celebrará Sesión Ordinaria, como mínimo, cada dous meses, tendo en conta que o límite legal establecido pola Lei 11/1999 ten o carácter de básico e o Art. 210.2 da Lei autonómica é unha norma de desenrolo que ha de respectar aquel límite temporal e, considerando que a norma galega é de aplicación xa que non rebase o límite legal e, no seu desenrolo pode fixar unha periodicidade menor aos tres meses, e que a corporación anterior celebraba as súas sesións ordinarias con periodicidade bimensual, por esta Alcaldía propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Que a celebración das sesións ordinarias do Pleno da Corporación teña lugar cada dous meses, o último luns dos meses impares, ás Dazaoito horas. Si coincide esta data con día inhábil, o Pleno celebrase o luns inmediatamente anterior ou posterior, según determinación da Alcaldía.



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

Segundo.- Facultar ao Señor Alcalde, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces dos Grupos Políticos, por causa xustificada, a variar a data de celebración da sesión ordinaria, adiantando ou retrasando o día e a hora de celebración, incluso aínda que o novo día fixado non estivera comprendido no mes correspondente a aquel.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos Concelleiros afectados e proceder á súa publicación no Boletín da Provincia.

VOTACION E ACORDO:

Por maioría cos votos a favor de B.N.G. e PS de GA-PSOE e coa abstención dos Concelleiros do P.P. queda aprobada anterior proposta da Alcaldía nos termos en que foi redactada.

10º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO ESCOLAR E NA XUNTA ECONÓMICA DO COLEXIO.

Dase lectura a seguinte proposta da Alcaldía:

Tendo en conta o artigo 38 do R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Correspóndelle ó Pleno Municipal nomear de entre os seus membros un representante no Consello Escolar e na Xunta Económica do C.E.I.P "Augusto Assia" de A Mezquita.

Proponse ó Pleno que asuma esta representación a Concelleira, D^a. María Teresa Pereira Quintas..

VOTACION E ACORDO:

Por maioría cos votos a favor de B.N.G. e PS de GA-PSOE e coa abstención dos Concelleiros do P.P. queda aprobada anterior proposta da Alcaldía nos termos en que foi redactada e polo tanto nomeada Dona María Teresa Pereira Quintas como representante municipal no Consello Escolar e na Xunta Económica do C.E.I.P "Augusto Assia".-



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

11º.-PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA.

Dase lectura a seguinte proposta da Alcaldía:

Tendo en conta o artigo 38 do R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Correpondelle ó Pleno Municipal nomear entre os seus membros un representante no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Ourense

Proponse ó Pleno que asuma esta representación o Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez.

VOTACION E ACORDO:

Por maioría cos votos a favor de B.N.G. e PS de GA-PSOE e coa abstención dos Concelleiros do P.P. queda aprobada anterior proposta da Alcaldía nos termos en que foi redactada e polo tanto nomeado D. Rafael Pérez Vázquez como representante municipal no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.-.

12º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA REPRESENTANTE MUNICIPAL NA ASOCIACION MONTEVAL.-

Dase lectura a seguinte proposta da Alcaldía:

Tendo en conta o artigo 38 do R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Correpondelle ó Pleno Municipal nomear entre os seus membros un representante na Asociación Monteval.

Proponse ó Pleno que asuma esta representación o Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez...



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

VOTACION E ACORDO:

Por maioría cos votos a favor de B.N.G. e PS de GA-PSOE e coa abstención dos Concelleiros do P.P. queda aprobada anterior proposta da Alcaldía nos termos en que foi redactada e polo tanto nomeado como representante municipal na Asociación Monteval a D. Rafael Pérez Vázquez.

13º.- PROPOSTA DA ALCALDIA REPRESENTANTE MUNICIPAL NA ASOCIACION DE MUNICIPIOS DAS COMARCAS DE MONTERREY E CONSO-FRIEIRAS PARA O PLAN DE COMPETIVIDADE TURISTICA PORTAS DE GALICIA.

Dase lectura a seguinte proposta da Alcaldía:

Tendo en conta o artigo 38 do R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Correpondelle ó Pleno Municipal nomear entre os seus membros un representante na Asociación de Municipios das Comarcas de Monterrey e Conso-Frieiras para o Plan de Competividade Turística Portas de Galicia.

Proponse ó Pleno que asuma esta representación o Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez.

VOTACION E ACORDO:

Por maioría cos votos a favor de B.N.G. e PS de GA-PSOE e coa abstención dos Concelleiros do P.P. queda aprobada anterior proposta da Alcaldía nos termos en que foi redactada e polo tanto nomeado como representante municipal na Asociación de Municipios das Comarcas de Monterrey e Conso-Frieiras para o Plan de Competividade Turística Portas de Galicia. a D. Rafael Pérez Vázquez

14º.- PROPOSTA DA ALCALDIA DE NOMEAMENTO DE TESOUREIRO

Dase lectura a seguinte proposta da Alcaldía:



CONCELLO DE A MEZQUITA (OURENSE)

Avda. da Constitución, 7 - C.P. 32549 – Telf. 988 42 55 41 – Fax 988 42 56 30
E-Mail: concello.de.amezquita@eidolocal.es – Páxina WEB: www.concello-amezquita.org

Visto que esta corporación local está clasificada como secretaría de clase terceira, unha vez determinado por acordo do Pleno que o posto de Tesouraría vai ser desempeñado por un concelleiro¹ da Corporación.

Visto que se considera idóneo para o desenvolvemento das funcións de Tesouraría a D. Antonio Blanco Martínez como membro da Corporación.

Unha vez examinada a documentación achegada, e visto o informe de Secretaría, conforme o establecido no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

PROPOÑO O PLENO:

Nomear a D. Antonio Blanco Martínez , Concelleiro desta Corporación con DNI Nº 76.704.692-Z , para desenvolver as funcións de Tesouraría neste concello, segundo o disposto no artigo 2.f) do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, por ser membro desta corporación.

SEGUNDO. Notificaráselle o nomeamento ao concelleiro designado, que o deberá aceptar expresamente. Farase cargo das súas funcións mediante a sinatura da acta de arqueo

TERCEIRO. Comunicaráselles aos bancos e caixas onde este concello ten depositados os seus fondos e aos establecementos análogos o nomeamento do concelleiro tesoureiro, logo da aceptación do seu cargo.

VOTACION E ACORDO:

Por maioría cos votos a favor de B.N.G. e PS de GA-PSOE e coa abstención dos Concelleiros do P.P. queda aprobada anterior proposta da Alcaldía nos termos en que foi redactada e polo tanto nomeado como Tesoureiro Municipal o Concelleiro D. Antonio Blanco Martínez.

E sen tér máis asuntos de que tratar o Sr. Presidente deu por rematada a Sesión sendo ás Vinte Horas e Trinta Minutos , da que se redacta a presente Acta, como Secretario dou fé do seu contido e incorporase ó Libro de Actas do Pleno da Corporación autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Presidente , conforme ó establecido no artigo 110-2 do R.O.F.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

A SECRETARIA ACCTAL,